

TAREFA MARCUSE CUESTIONARIO

1. Marcuse contempla a posibilidade dunha **civilización non-represiva**, el mesmo é o primeiro en admitir que se trata tan só dunha posibilidade, pero que hai certas condicións na **sociedade industrial avanzada** do **tardo capitalismo** que abren esta vía. ¿Consideras que a conciliación de **Eros e Civilización** é unha utopía?, ¿pensas que o plantexamento de Marcuse é utópico?
2. Entre as **condicións obxectivas** que farían posible tal sociedade non-represiva atópase a **automatización do traballo**, a saber, a incorporación da maquinaria e, sobre todo, da **tecnoloxía** ao proceso productivo. De feito, no **capitalismo globalizado** do século XXI, as cadeas de montaxe da industria máis avanzada están robotizadas. ¿Pensas como Marcuse que esta **robotización** do traballo abre as portas a unha inversión da relación tempo de traballo/tempo de ocio?
3. Os **avances científico-tecnolóxicos** forman parte das condicións favorables para o paso a unha **sociedade non-represiva**, pero **Marcuse** é consciente que únicamente se trata dunha posibilidade, posto que, como todos os integrantes da **Escola de Frankfurt** (principalmente, **Adorno, Horkheimer, Habermas**), coñece a **ambivalencia** tanto da **ciencia** como da **tecnoloxía** como medios de **emancipación e dominación**. ¿Poderías aportar algúns exemplos razoados desta dobre cara da técnica, no caso das tecnoloxías da información e a comunicación que usamos diariamente?
4. Falemos de **Eros**. Marcuse defende a **erotización** do conxunto das relacións humanas e das relacións dos humanos co seu medio ambiente, para expresar esta idea emprega o termo **sublimación non represiva**. Polo contrario, manexa o concepto de **desublimación represiva** para o caso en que “a tendencia oposta afírmase: o principio de realidade estende o seu brazo sobre Eros. A máis clara ilustración deste feito proporciona a metódica introducción da sexualidade nos negocios, a política, a propaganda, etc. O grao en que a sexualidade alcanza un definitivo valor nas vendas ou chega a ser un signo de prestixio e de que se respetan as regras do xogo, determina a súa transformación nun instrumento de cohesión social.” (Prólogo de Eros e Civilización). Preguntas: ¿poderías aportar e explicar algúns exemplos que se correspondan con estas dúas formas de *liberación da sexualidade*, unha emancipadora e a outra integrada no sistema social hexemónico?
5. Marcuse fala do **polimorfismo sexual** no capítulo titulado A transformación da sexualidade en Eros. Para explicar esta noción recorre a expresións como *declinación da supremacía xenital*, *reactivación de todas as zonas eróxicas*, *xurdemento dunha sexualidade polimorfa prexenital*, etc. ¿Cales son as diferentes formas que adopta a diversidade sexual non heterónoma?, ¿en que sentido poden ser emancipadoras, unha manifestación de *sublimación non represiva*?, ¿en que outro sentido poderían caer baixo a categoría de *desublimación represiva*?